

**REUNIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE
NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA
CORPORACIÓN DA RTVG**

Día: 28.02.2019

Hora: 10:30

A Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 28 de febreiro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 42723 (10/POC-006701)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a cobertura pola CRTVG das mobilizacións da sanidade pública galega
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 414, do 18.01.2019
- 1.2 42954 (10/POC-006751)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis
Sobre o balance respecto da CRTVG no ano 2018
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 414, do 18.01.2019
- 1.3 42955 (10/POC-006752)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a valoración por parte da CRTVG dos servizos mínimos establecidos na folga dos días 19 e 22 de decembro, e as medidas a adoptar ante as reiteradas denuncias nos últimos anos pola súa abusividade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 414, do 18.01.2019
- 1.4 43730 (10/POC-006960)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre a inclusión no telexornal da CRTVG do 14 de xaneiro de 2019 da suposta nova do portal "OKdiario" referida á adxudicación dun contrato por un concelleiro de Santiago de Compostela a un suposto colega profesional
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 419, do 25.01.2019
- 1.5 44690 (10/POC-007152)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as previsións da Corporación de RTVG respecto da emisión na TVG do documental do director Aitor Rei titulado "Frankenstein 04155", arredor do accidente ferroviario de Angrois

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 428, do 07.02.2019

- 1.6 45056 (10/POC-007218)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre a valoración do interese xeral do documental "Frankenstein 04155",
os motivos polos que non se emitiu ata o de agora na CRTVG e os plans
para a súa futura retransmisión
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 428, do 07.02.2019
- 1.7 45380 (10/POC-007260)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre a cobertura informativa dada pola RTVG á nova referida á apertura
dunha investigación pola Inspección da Fiscalía Xeral do Estado en
relación coas actuacións do fiscal xefe da Fiscalía Provincial de Ourense
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 430, do 13.02.2019
- 1.8 45721 (10/POC-007304)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as razóns polas que se ten afastado das funcións de redacción e
relegado ás de locución a unha xornalista da CRTVG
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 430, do 13.02.2019

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2019

Aurelio Alfonso Núñez Centeno
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DA RTVG

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

| | |
|----------------------------------|----|
| Presidente | |
| Aurelio Alfonso Núñez Centeno | P |
| Vicepresidenta | |
| María Ángeles Antón Vilasánchez | P |
| Secretaria | |
| María de los Ángeles Cuña Bóveda | EM |

Vogais

| | |
|-------------------------------|-----|
| Raquel Arias Rodríguez | P |
| Noela Blanco Rodríguez | S |
| Jaime Castiñeira Broz | P |
| Luca Chao Pérez | EM |
| María Guadalupe Murillo Solís | P |
| Rosa Oubiña Solla | P |
| Olalla Rodil Fernández | BNG |
| Moisés Rodríguez Pérez | P |
| Julio Torrado Quintela | S |

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 28.02.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 28.02.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 42723(10/POC-006701)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a cobertura pola CRTVG das mobilizacións da sanidade
pública galega

Publicación da iniciativa, 414, 18.01.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2019 13:39:01
Nº Rexistro: 42723
Data envío: 08/01/2019 13:39:01.008

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Abel Losada Álvarez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

A radiotelevisión pública galega, vital para o mantemento do espazo público democrático, o reforzamento da identidade do pobo galego, e a promoción da nosa cultura e lingua, está a vivir un preocupante deterioro nos últimos anos, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social. Acumula constantes queixas tanto do Comité Intercentros da CRTVG, como das forzas políticas da oposición, de manipulación informativa tanto na radio como na televisión de todos os galegos e galegas nos diferentes telexornais que se emiten ao longo do día. Esta situación mesmo levou aos dous presentadores do Telexornal Serán, Alfonso Hermida e Tati Moyano, a presentar a súa dimisión en xuño deste ano, ao que hai que engadir a mobilización dos venres negros (que xa vai pola súa 38 edición) polo cumprimento íntegro da Lei de medios públicos do 2011, a histórica manifestación que percorreu as rúas de Compostela o pasado 8 de setembro, os paros parciais do mes de novembro, e as dúas folgas de 24 horas dos días 19 e 22 de decembro.

Nestes últimos meses intensificáronse as mobilizacións dos e das profesionais da sanidade pública en defensa do noso sistema sanitario. Entre os feitos máis sinalados atópase a dimisión en bloque de 22 xefes de centros de saúde de Vigo, polo “deterioro insustentable” e o “sobreesforzo que deben afrontar os e as profesionais”. Á dimisión en bloque dos xefes de centros de saúde, súmase a folga que mantén o persoal dos puntos de atención continuada (PAC), co recente anuncio por parte do comité de folga de secudala de xeito indefinido. E se non son suficientes estas mobilizacións, o servizo de urxencias do complexo hospitalario de Santiago suma tamén máis dun mes de paro para reclamar persoal suficiente que permita cubrir todas as necesidades asistenciais.

O tratamento informativo das mobilizacións levadas a cabo nestes últimos meses en defensa da sanidade pública, volveu a poñer de manifesto que a CRTVG segue funcionando coma unha cadea de transmisión dos argumentarios do PP. Se se realiza unha análise do tratamento informativo deste asunto nestes últimos meses, compróbase que hai unha clara intencionalidade política, a de que os medios de comunicación públicos sexan altofalante do Goberno galego ao tempo

CSM-REXISTRO-sifrochPe-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2019 13:39:01
Nº Rexistro: 42723
Data envío: 08/01/2019 13:39:01.008

que se silencian as voces máis críticas coa xestión da sanidade pública por parte da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera que a cobertura das mobilizacións da sanidade pública galega estivo á altura dun medio público como a CRTVG?
2. Cre que na cobertura deste tema, os e as profesionais que se mobilizaron tiveron a mesma presenza na CRTVG que a versión oficial da Xunta de Galicia?
3. Que valoración fai da cobertura por parte da CRTVG da dimisión en bloque de 22 xefes de centros de saúde de Vigo, así como das reaccións da Xunta de Galicia ante estes feitos?
4. Considera a CRTVG que as novas referentes á folga dos PAC se cobren con obxectividade e mantendo o principio de pluralismo ideolóxico e social que deben rexer nun medio de comunicación público?

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Abel Losada Álvarez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 08/01/2019 13:37:31

Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/01/2019 13:37:38

Julio Torrado Quintela na data 08/01/2019 13:37:44



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 28.02.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 42954(10/POC-006751)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre o balance respecto da CRTVG no ano 2018

Publicación da iniciativa, 414, 18.01.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2019 10:27:23
Nº Rexistro: 42954
Data envío: 10/01/2019 10:27:23.960

A Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, María Antón Vilasánchez, Rosa Oubiña Solla, Jaime Castiñeira Broz, Guadalupe Murillo Solís, Aurelio Núñez Centeno e Moisés Rodríguez Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión de Control da CRTVG**.

Nos últimos anos o panorama audiovisual a nivel mundial mudou cara novos modelos de consumo, novas preferencias de contidos e soportes innovadores que afectaron, especialmente en certas franxas de idade, ao nivel de seguimento xeneralizado dos medios de comunicación convencionais.

As demandas da audiencia evolucionaron, incrementando o seu interese polos contidos á carta e baixo demanda, pola ficción, polo consumo en dispositivos electrónicos e tamén unha maior preocupación pola calidade de imaxe, con espectadores dispostos a pagar polos servizos audiovisuais. Todo isto unido á fragmentación de audiencias, provocada tanto polo crecente catálogo de contidos como pola multitude de canles e plataformas dispoñibles.

A CRTVG leva anos inmersa nun proceso continuo de adaptación a esta nova realidade, atendendo ás recentes necesidades do público e as novas tendencias, modernizando a oferta de contidos, favorecendo a creación de novas plataformas dixitais temáticas nutridas con contidos exclusivos para a internet, impulsando a interactividade a través das redes sociais e experimentando con novas fórmulas e técnicas audiovisuais, como a “Slow tv” ou televisión amodiño coa emisión de “Destino Santiago”.

Unha estratexia de modernización compatible coa fidelidade aos principios que rexen a CRTVG, mantendo os valores, a cultura e a lingua galegas e a función de servizo público como piares da programación, e na que a dixitalización está sendo unha peza chave.

A pesar deste marco audiovisual dinámico e incerto, os medios da CRTVG seguen rexistrando boas cifras de seguimento. A TVG, segundo os datos publicados recentemente pola corporación, rexistrou no 2018 unha cota acumulada anual do 10% e do 10,8% no prime time. Unhas porcentaxes que manteñen á televisión galega por

CSM-REXISTRO-akV7zDz6-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2019 10:27:23
Nº Rexistro: 42954
Data envío: 10/01/2019 10:27:23.960**

enriba da media de audiencia da FORTA, sendo un ano máis a segunda canle autonómica máis vista.

Ademais, a TVG pechou o ano conservando o liderado dos informativos na franxa das 13:30 ás 15:30, a máis destacada do día, cunha cota de pantalla do 17,7% durante o mes de decembro, 4 puntos por riba da seguinte canle competidora.

No caso da Radio Galega, foi a única emisora que creceu en audiencia de luns a domingo en Galicia segundo os datos do último Estudio Xeral de Medios feitos públicos pola CRTVG. Programas como o Diario Cultural chegan a máis de 45.000 oíntes diarios de luns a venres e 100.000 na fin de semana despois da súa integración no proxecto #cultura365 e do lanzamento dunha nova estratexia con catro edicións diarias de luns a venres e tres na fin de semana.

Atendendo a todas as circunstancias expostas anteriormente, os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta en Comisión:

Cal é o seu balance sobre a CRTVG no 2018?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 10/01/2019 10:25:37

Maria Antón Vilasánchez na data 10/01/2019 10:25:46

Rosa Oubiña Solla na data 10/01/2019 10:25:53

Jaime Castiñeira Broz na data 10/01/2019 10:26:00

María Guadalupe Murillo Solís na data 10/01/2019 10:26:08

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 10/01/2019 10:26:18

Moisés Rodríguez Pérez na data 10/01/2019 10:26:25



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 28.02.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 42955(10/POC-006752)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración por parte da CRTVG dos servizos mínimos establecidos na folga dos días 19 e 22 de decembro, e as medidas a adoptar ante as reiteradas denuncias nos últimos anos pola súa abusividade

Publicación da iniciativa, 414, 18.01.2019



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

A CRTVG está a vivir un preocupante deterioro nos últimos anos, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social, o que ten motivado numerosas protestas dos e das profesionais das canles públicas galegas, de colectivos sociais, e dos propios grupos da oposición. Son moitos os exemplos das mobilizacións, todas elas cun amplo seguimento, levadas a cabo polos traballadores e traballadoras da CRTVG: os venres negros, unha gran manifestación o 8 de setembro de 2018 en Santiago de Compostela, paros parciais durante o mes de novembro, e unha folga os días 19 e 22 de decembro

O 13 de decembro de 2018 publicouse no DOG a *Resolución do 11 de decembro de 2018, da Dirección Xeral da Corporación Radio Televisión de Galicia, S.A., pola que se determinan os servizos mínimos dirixidos a garantir os servizos esenciais ante a convocatoria de folga total do día 19 e de folga parcial o día 22 de decembro de 2018 nos centros de traballo da Corporación Radio Televisión de Galicia.*

Como ten acontecido ante a convocatoria doutras xornadas de folga, lembremos a condena do TSXG ao ente público trala folga feminista do 8 de marzo, a Dirección da CRTVG impuxo uns servizos mínimos abusivos que foron unha vez máis denunciados polas organizacións sindicais.

O 8 de xaneiro de 2019 publicouse no DOG a *Resolución do 2 de xaneiro de 2019, da Dirección de Recursos Humanos*, pola que se emprazan os interesados no recurso contencioso-administrativo 418/2018 polo que se ordena a remisión do expediente ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e, en aplicación do artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa, emprázase a todos as persoas interesadas para que poidan comparecer como demandados/as no procedemento de referencia no prazo de cinco (5) días, contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2019 10:34:44
Nº Rexistro: 42955
Data envío: 10/01/2019 10:34:44.749

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a CRTVG dos servizos mínimos establecidos na compañía para os días 19 e 22 de decembro?
2. Considera que foron abusivos?
3. Por que non houbo acordo nos servizos mínimos?
4. Pretendía a CRTVG establecendo estes servizos mínimos para as folgas dos días 19 e 22 decembro, que os efectos da folga non foran tan visibles na programación dos medios públicos?
5. Ante as reiteradas denuncias durante estes últimos anos polo establecemento de servizos mínimos abusivos na CRTVG, ten previsto tomar algunha medida?

Pazo do Parlamento, 9 de xaneiro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Patricia Otero Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 10/01/2019 10:32:54

Patricia Otero Rodríguez na data 10/01/2019 10:33:00

Julio Torrado Quintela na data 10/01/2019 10:33:05



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 28.02.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 43730(10/POC-006960)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a inclusión no telexornal da CRTVG do 14 de xaneiro de
2019 da suposta nova do portal "OKdiario" referida á
adxudicación dun contrato por un concelleiro de Santiago de
Compostela a un suposto colega profesional

Publicación da iniciativa, 419, 25.01.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2019 13:30:05
Nº Rexistro: 43730
Data envío: 16/01/2019 13:30:05.030



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na Comisión da CRTVG.

O día 14 de xaneiro o portal OK Diario publicaba unha información falsa sobre a adjudicación directa dun contrato por parte do concelleiro de Compostela Aberta, Jorge Duarte a un suposto colega profesional. Unha campaña difamatoria á que non dubidaron en sumarse nin o Partido Popular nin os medios públicos de Galicia repetindo, no telexornal, a suposta nova de OK Diario sen poñerse en contacto, en ningún momento co concelleiro sinalado nin cos servizos de prensa do goberno para contrastar a información. De feito, a única voz de contraste respondeu á inclusión dun corte doutro concelleiro nunha rolda de prensa sobre outra cuestión dicindo descoñecer o asunto de que se falaba.

Ademais, o corte informativo destapou o nome e apelidos dun profesional que podería verse afectado no seu traballo.

Por estes motivos o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Considera a CRTVG que OK Diario é unha fonte axeitada para o telexornal?
- 2.^a) A CRTVG considera este un xeito profesional de abordar o contraste de fontes?
- 3.^a) Fai a CRTVG algún tipo de contraste informativo antes de difundir xornalismo-lixo?





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2019 13:30:05
Nº Rexistro: 43730
Data envío: 16/01/2019 13:30:05.030



4.^a) Considera a dirección da CRTVG responsable a propagación mediática de bulos ou fake news?

5.^a) Onde queda a responsabilidade social dos medios públicos galegos?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 16/01/2019 13:28:55

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 16/01/2019 13:29:03

CSX: REXISTRO-SBTID/AZBo-9
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 28.02.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 44690(10/POC-007152)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as previsións da Corporación de RTVG respecto da
emisión na TVG do documental do director Aitor Rei titulado
"Frankenstein 04155", arredor do accidente ferroviario de
Angrois

Publicación da iniciativa, 428, 07.02.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2019 10:50:21
Nº Rexistro: 44690
Data envío: 28/01/2019 10:50:21.107

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre a emisión na TVG do documental Frankenstein 04155 do director, Aitor Rei, sobre o maior accidente ferroviario da historia de Galiza.

O 29 de xaneiro de 2019 a televisión pública de Catalunya, TV3, emitirá en horario de máxima audiencia o documental Frankenstein 04155, do director Aitor Rei.

Farao no programa ‘Sense Ficción’, un espazo dirixido e presentado por Montse Armengou que ten como principal obxectivo emitir os mellores documentais que se fan arredor do mundo e tamén aqueles de produción propia, coproducións ou nos que participa a propia Corporación.

Xunto a Frankenstein 04155 a canle pública catalá estrea tamén Iak-42, dúas pezas cun grande traballo de investigación que, no caso do documental do galego Aitor Rei, xira arredor do maior accidente ferroviario da historia de Galiza acontecido o 24 de xullo de 2013 na curva da Grandeira, Angrois (Compostela). Aquela xornada morreron 81 persoas e 140 resultaron feridas.

Desde a súa estrea, Frankenstein 04155 recibiu o recoñecemento da crítica e do público sendo premiado co: Premio do Público no XXIX Festival Cineuropa de Santiago de Compostella, cunha mención especial do xurado na 60 Seminci, Semana

CSM-REXISTRO-oh8Mh4P4-6
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2019 10:50:21
Nº Rexistro: 44690
Data envío: 28/01/2019 10:50:21.107

Internacional de Cine, Valladolid ou como mellor longametraxe no Festival V Primavera do Cine.

Porén, a TVG nunca o ten emitido.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión da CRTVG:

- Valorou a CRTVG emitir, nalgún momento, o documental Frankenstein 01455?
- Por que non se emitiu nunca?
- Pensa emitilo a TVG?
- Que opinión lle merece o programa Sense Ficción á CRTVG?
- Pensa que un espazo semellante podería ter cabida na programación da TVG como parte da súa misión de servizo público?

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2019 10:50:21
Nº Registro: 44690
Data envío: 28/01/2019 10:50:21.107

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 28/01/2019 10:49:23

María Montserrat Prado Cores na data 28/01/2019 10:49:28

Ana Pontón Mondelo na data 28/01/2019 10:49:30

Xosé Luis Rivas Cruz na data 28/01/2019 10:49:31

Noa Presas Bergantiños na data 28/01/2019 10:49:32

Xosé Luis Bará Torres na data 28/01/2019 10:49:34



Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 28.02.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.6 45056(10/POC-007218)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre a valoración do interese xeral do documental

"Frankenstein 04155", os motivos polos que non se emitíu ata
o de agora na CRTVG e os plans para a súa futura
retransmisión

Publicación da iniciativa, 428, 07.02.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2019 16:47:06
Nº Rexistro: 45056
Data envío: 31/01/2019 16:47:06.608



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG.

O 24 de xullo de 2013, ás 20:41, un tren Alvia descarrilou na curva de A Grandeira, en Angrois, preto da estación de Santiago de Compostela. A causa do sinistro –o peor da historia ferroviaria española nos últimos 40 anos– foi o exceso de velocidade: o tren ía a 190 quilómetros hora nun tramo limitado a menos da metade. Morreron 80 persoas e 144 foron feridas.

O director ourensá Aitor Rei denunciou os antecedentes políticos involucrados neste accidente nunha cinta documental titulada “Frankenstein-04155”. O documental vai ser estreado agora en televisión no programa “Sense ficción” de TV3. Nunca antes se emitira en ningunha outra canle. Tampouco na comisión de investigación do Congreso, onde foi vetado.

A estrea do documental coincide no tempo co peche da instrución do xuízo do accidente, que remata con dous investigados: o maquinista e o ex-xefe de seguridade de Adif, aos que imputa 80 delitos de homicidio por imprudencia profesional grave e 144 de lesións. A decisión foi recorrida tanto polos propios acusados como las vítimas da traxedia, xa que entenden que hai máis responsables do acontecido, como o ex-director de seguridade de Renfe.

Cómpre defender, polo tanto, que o accidente de Angrois continúa de actualidade. A ferida que deixou o sinistro no corpo da sociedade galega tardará

CSM-REXISTRO-RSGI-WQDV-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csw/>





moito en pechar. Así, non se entende que a TVG non se decidirá aínda a emitir o documental “Frankesntein-04155”, pois o seu interese xeral é obvio. Queda, ademais, subliñado polo feito de que se vai emitir na TV3. Se o accidente é relevante para os catalás –na medida na que sinala as eivas de seguridade ferroviaria que afectan a rede ferroviaria do Estado–, ten que ser incluso máis relevante para os galegos.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Ten pensado a CRTVG emitir o documental “Frankesntein-04155”?
- Considéranos de interese xeral para a cidadanía?
- Por que non o emitiu ata o de agora?
- É de interese para os catalás pero non para os galegos?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 31/01/2019 16:45:50



CSV REXISTRO-SqGLWcQV-5

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2019 16:47:06
Nº Registro: 45056
Data envío: 31/01/2019 16:47:06.608



Luca Chao Pérez na data 31/01/2019 16:46:00

CSV REGISTRO-SqGLWcDV-5
Validado
<https://secta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 28.02.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.7 45380(10/POC-007260)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a cobertura informativa dada pola RTVG á nova referida
á apertura dunha investigación pola Inspección da Fiscalía
Xeral do Estado en relación coas actuacións do fiscal xefe da
Fiscalía Provincial de Ourense

Publicación da iniciativa, 430, 13.02.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 13:22:22
Nº Rexistro: 45380
Data envío: 05/02/2019 13:22:22.517

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión Permanente non Legislativa de Control da Corporación da RTVG**.

O pasado 10 de xaneiro tiñamos coñecemento a través dos medios de comunicación, de que a Inspección da Fiscalía Xeral do Estado abriu unha investigación ao Fiscal Xefe da Fiscalía Provincial de Ourense, Florentino Delgado Ayuso, pola suposta comisión dunha "falta disciplinaria grave de abuso de autoridade". Nas mesmas dilixencias informativas investigábase tamén a actuación do Fiscal Superior de Galicia, Fernando Suanzes, por un suposto incumprimento nos seus deberes. A Inspección Fiscal acordou a apertura deste expediente por mor da denuncia remitida a través da súa avogada pola ex concelleira socialista de Ourense, Áurea Soto. A orixe da queixa derívase da denuncia que en 2014 a ex concelleira presentou contra o ex alcalde de Ourense do PP, Manuel Cabezas, por supostamente non reclamar o 10 % das cesións urbanísticas a algúns promotores, entre os anos 1998 e 2003, e que supoñería que o Concello deixase de percibir 1,7 millóns de euros. A Inspección Fiscal abriu un expediente gubernativo en outubro deste ano, por mor da denuncia da avogada contra o Fiscal en relación a como se desenvolveu este proceso e, "á vista da documentación obrante", acordouse a incoación de dilixencias informativas. O obxectivo desta investigación é aclarar se a actuación do Fiscal Xefe de Ourense podería supoñer "faltas disciplinarias" tanto de "abuso ou exceso de autoridade" como "de grave desatención ou atraso inxustificable", "inobservancia do deber de abstención" e/ou "ignorancia inescusable no cumprimento de deberes". As dilixencias informativas tamén se dirixen a esclarecer se a actuación do Fiscal Superior de Galicia, Fernando Suanzes, supón "faltas disciplinarias de ignorancia inescusable no cumprimento de deberes" "e/ou infracción grave de deberes inherentes á condición de fiscal", en relación ás actuacións do Fiscal Xefe provincial de Ourense.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai da cobertura que se realizou por parte da radio e da televisión públicas galegas desta nova?

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSM-REXISTRO-4UjQaFm3d-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 13:22:22
Nº Rexistro: 45380
Data envío: 05/02/2019 13:22:22.517

2. Canto tempo se dedicou a esta nova durante os informativos o día que coñecemos a nova, e/ou os posteriores?
3. Considera que a cobertura estivo á altura dun medio público como a CRTVG?

Pazo do Parlamento, 4 de febreiro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 05/02/2019 13:09:35

Julio Torrado Quintela na data 05/02/2019 13:09:40



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 28.02.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.8 45721(10/POC-007304)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as razóns polas que se ten afastado das funcións de redacción e relegado ás de locución a unha xornalista da CRTVG

Publicación da iniciativa, 430, 13.02.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 17:09:49
Nº Rexistro: 45721
Data envío: 07/02/2019 17:09:49.265

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre as decisións adoptadas pola CRTVG en relación a unha xornalista relegada a funcións de locución

O 6 de febreiro de 2019 o Comité intercentros da CRTVG denunciaba publicamente a través dun comunicado que a responsábel de Recursos Humanos por orde da Dirección de Informativos afastaba das súas funcións como redactora a unha traballadora após unha sentenza en primeira instancia que obrigaba a Corporación a recoñecer o complemento de nivel (de locutora a redactora).

Esta decisión da CRTVG relega a traballadora á categoría de locutora negándolle tarefas de redacción.

Casualmente, a traballadora non só conseguiu o recoñecemento dos seus dereitos laborais xudicialmente en relación ao complemento de nivel senón que tamén conta cunha sentenza favorábel que recoñece o seu dereito a folga con motivo do 8 de marzo nun proceso xudicial que condenou a CRTVG por prácticas de esquirolaxe durante a xornada de protesta do Día Internacional das Mulleres.

Así mesmo, a traballadora fai parte activa dos #VenresNegros que desde hai 8 meses manteñen as traballadoras e traballadores dos medios públicos galegos a prol do

CSM-REXISTRO-50uzNZh3v-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 17:09:49
Nº Rexistro: 45721
Data envío: 07/02/2019 17:09:49.265

cumprimento da Lei 9/2011 así como contra a instrumentalización política dos mesmos e a manipulación.

O Comité intercentros denuncia “represalias” e suma este caso a outros que teñen acontecido nos últimos meses contra xornalistas que participan publica e activamente nos #VenresNegros.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

- Que está a acontecer na CRTVG?
- Por que razón se ten afastado a esta traballadora das súas funcións como redactora?
- Que relación hai entre esta decisión, a devandita sentenza xudicial e a participación da traballadora no 8M e os #VenresNegros?
- Considera acertada a decisión adoptada por Recursos Humanos?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 17:09:49
Nº Registro: 45721
Data envío: 07/02/2019 17:09:49.265

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2019 17:09:23


María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2019 17:09:28

Ana Pontón Mondelo na data 07/02/2019 17:09:30

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/02/2019 17:09:31

Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2019 17:09:33

Xosé Luis Bará Torres na data 07/02/2019 17:09:34



CSM, REGISTRO-SuozN2ht3v-0

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>